

nitivo que terá lugar no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) o día 15 de xullo ás 11.15 horas.

Os aspirantes convocados poderán elixir entre os postos que se relacionan no anexo desta orde segundo a orde acadada no proceso selectivo, sempre que reúnan as condicións exixidas nel.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa personalidade; no caso de non comparecer persoalmente, poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Aos aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes, seranlles adxudicadas en destino definitivo as prazas que lles correspondan de acordo coa orde de publicación destas e co número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación das prazas aos aspirantes presentes ou representados, entre as que queden sen adxudicar.

No caso de solicitar excedencia voluntaria por incompatibilidade deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de persoal no cal conste que o interesado presta servizos na actualidade na administración, ou ben documentación que o acredite.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

Relación de vacantes do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de museos

Nº	CÓDIGO DO POSTO	CONSELLERÍA	DENOMINACIÓN	NIVEL	CENTRO DESTINO	CENTRO DIRECTIVO	CONCELLO	FORMACIÓN	OBSERVACIÓNS
1	CUC994020115001010	CU	TÉCNICO MEDIO DE MUSEOS	16	MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA	SERVIZOS PERIFÉRICOS	A CORUÑA	AXUDANTE SECCIÓN MUSEOS (R.I.)	XORNADA MAÑÁ OU TARDE

Orde do 1 de xullo de 2009 pola que se convocan para a elección de destino definitivo os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de arquivos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.

En virtude da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decembro de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* número 7, do 10 de xaneiro de 2008) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de arquivos.

O tribunal designado para cualificar o dito proceso acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da Función Pública a relación de aspirantes que o superaron na súa resolución do 4 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 112, do 10 de xuño).

Co obxecto de que os aspirantes que superaron o dito proceso selectivo poidan ser nomeados funcionarios do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de arquivos, e segundo o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo cal se aproba o texto refundido da Lei da fun-

ción pública de Galicia e demais normativa concordantes esta consellería

DISPÓN:

Convocar aos aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de arquivos, ao acto de elección de destino definitivo que terá lugar no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) o día 15 de xullo ás 11.00 horas.

Os aspirantes convocados poderán elixir entre os postos que se relacionan no anexo desta orde segundo a orde acadada no proceso selectivo, sempre que reúnan as condicións exixidas nel.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa personalidade; no caso de non comparecer persoalmente, poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Aos aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes, seranlles adxudicadas en destino definitivo as prazas que lles correspondan de acordo coa orde de publicación destas e co número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso

de adxudicación das prazas aos aspirantes presentes ou representados, entre as que queden sen adxudicar.

No caso de solicitar excedencia voluntaria por incompatibilidade deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de persoal en que conste que o interesado presta servizos na actualidade na administración, ou ben documentación que o acredite.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Facenda no prazo dun

mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

Relación de vacantes do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de arquivos

Nº	CÓDIGO DO POSTO	CONSELLERÍA	DENOMINACIÓN	NIVEL	CENTRO DESTINO	CENTRO DIRECTIVO	CONCELLO	FORMACIÓN	OBSERVACIÓNS
1	CUC991000027001033	CU	TÉCNICO MEDIO ARQUIVOS	16	DELEGACIÓN PROVINCIAL LUGO	SERVIZOS PERIFÉRICOS	LUGO	AXUD. SECCIÓN ARQUIVO(REQ. INDISP.)	
2	CUC994030115001019	CU	TÉCNICO MEDIO ARQUIVOS	16	ARQUIVO DO REINO DE GALICIA	SERVIZOS PERIFÉRICOS	A CORUÑA	AXUD. SECCIÓN ARQUIVO(REQ. INDISP.)	XORNADA MAÑÁ OU TARDE
3	CUC994030127001011	CU	TÉCNICO MEDIO ARQUIVOS	16	ARQUIVO LUGO	SERVIZOS PERIFÉRICOS	LUGO	AXUD. SECCIÓN ARQUIVO(REQ. INDISP.)	XORNADA MAÑÁ OU TARDE

Orde do 1 de xullo de 2009 pola que se convocan para a elección de destino provisional os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de bibliotecas, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.

En virtude da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decembro de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* número 7, do 10 de xaneiro de 2008) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de bibliotecas.

O tribunal designado para cualificar o dito proceso acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da Función Pública a relación de aspirantes que o superaron na súa resolución do 4 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 113, do 11 de xuño).

Co obxecto de que os aspirantes que superaron o dito proceso selectivo poidan ser nomeados funcionarios do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de bibliotecas, e segundo o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e demais normativa concordante, esta consellería

DISPÓN:

Convocar os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de bibliotecas, ao acto de elección de destino provisional que terá lugar no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) o día 15 de xullo ás 10.30 horas.

Os aspirantes convocados poderán elixir entre os postos que se relacionan no anexo desta orde segundo a orde acadada no proceso selectivo, sempre que reúnan as condicións exixidas nel.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa personalidade; no caso de non comparecer persoalmente, poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Aos aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes seranlles adxudicadas en destino provisional as prazas que lles correspondan de acordo coa orde de publicación destas e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación das prazas ós/ás aspirantes presentes ou representados, entre as que queden sen adxudicar.

No caso de solicitar excedencia voluntaria por incompatibilidade deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de persoal en que conste que o interesado presta servizos na actualidade na Administración, ou ben documentación que o acredite.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda